

# XXXVI / TRAVESÍA / A NADO / 29 JULIO '18

/ DOMINGO 11:00H /  
PORTO DE VILAGARCÍA  
2500 M / 1200 M (POPULAR) / 250 M (MENORES)



# XXXVI TRAVESÍA A NADO DO PORTO DE VILAGARCÍA

XV CIRCUITO GALEGO DE AUGAS ABERTAS

## REGULAMENTO

DATA: **DOMINGO 29 DE JULIO DE 2018**

HORA DE INICIO DA PROBA: **11 HORAS**

### 1.-ORGANIZACIÓN:

A organización da **XXXVI Travesía a nado do Porto de Vilagarcía** correrá a cargo dos Clubes Natación e Salvamento Vilagarcía e contará coa colaboración da Fundación de Deportes do Concello de Vilagarcía e rexerase polo presente regulamento, a normativa FEGAN de Aguas Abertas, Normativa de Competición de Augas Abertas da Federación Española de Natación e Normativa FINA de Augas Abertas. Esta proba será puntuable para o XV Circuito de Augas Abertas da FEGAN.

### 2.-PARTICIPACIÓN

Poderán participar na travesía nadadores federados e non federados. Enténdese por federado, o deportista con licenza federativa en vigor na tempada 2017/2018 en calquera Federación Territorial dependente da Federación Española de Natación (FEN).

### 3.- CATEGORÍAS

En cada categoría diferenciase sexo masculino e feminino.

CATEGORÍAS	MASCULINA E FEMENINA	DISTANCIA
1	<b>ABSOLUTA:</b> Nados 2004 e anteriores con licenza federativa	2500
2	<b>MASTER/POPULAR 1:</b> Nados 1998 a 1984	2500
3	<b>MASTER/POPULAR 2:</b> Nados 1983 a 1969	2500
4	<b>MASTER/POPULAR 3:</b> Nados 1968 a 1954	2500
5	<b>MASTER/POPULAR 4:</b> Nados en 1953 e anteriores	2500
6	<b>POPULAR:</b> Nados 2001 e anteriores e 2002 anteriores	1200
7	<b>INFANTIL:</b> Nados 2002-2003 e 2003-2004	1200
8	<b>ALEVÍN:</b> Nados 2004-2005 e 2005-2006	1200
9	<b>MENORES:</b> Nados 2006 e 2007 e posteriores	250





#### **PERCARRIDO A: 2.500 metros (Proba puntuable para o Circuito de Augas Abertas)**

- **Cat. 1ª. ABSOLUTA:** Nados no 2004 e anteriores (14 anos e posteriores- con licencia federativa de Natación -non máster-).

Nas seguintes categorías poderán participar nadadores populares e e nadadores con licenza federativa de natación Master:

- **Cat. 2ª. MASTER/POPULAR 1:** Nados 1998 a 1984 (de 20 anos a 34 anos).
- **Cat. 3ª. MASTER/POPULAR 2:** Nados 1983 a 1969 (de 35 anos a 49 anos)
- **Cat. 4ª. MASTER/POPULAR 3:** Nados 1968 a 1954 (de 50 anos a 64 anos)
- **Cat. 5ª. MASTER/POPULAR 4:** Nados en 1953 e anteriores (de 65 anos e posteriores).

#### **PERCARRIDO B: 1200 metros (Proba popular)**

- **Cat. 6ª. POPULAR 1200:** Masculino 2001 e anteriores. Feminino 2002 e anteriores (a partir de 17 anos ou 16 ou máis feminino).
- **Cat. 7ª. INFANTIL:** Masculino 2002-2003. Feminino 2003-2004 (de 16 e 15 en masculino e 15 e 14 en feminino).
- **Cat. 8ª. ALEVÍN:** Masculino 2004-2005. Feminino 2005-2006 (de 14 e 13 en masculino e 13 e 12 en feminino).

#### **PERCARRIDO C: 250 metros (Proba de menores)**

- **Cat. 9ª. MENORES:** Masculino, nados en 2006 e posteriores. Feminino nados en 2007 e posteriores (de 12 anos e menores en masculino e 11 anos e menores en feminino).

#### **4. PERCARRIDOS (FOTOS NO ANEXO)**

A saída darase dende a Dársena A do Porto de Vilagarcía de Arousa, na orde seguinte: O primeiro será o Percorrido A (2500) e unha vez finalizado saíran o Percorrido B (1200) e a continuación os do Percorrido C (250).

O percorrido A consistirá nunha volta ao circuito establecido polas Boias 1 e 2 cunha saída e meta na mesma Dársena A do peirao (as boias núm. 1 e 2 son de obrigado paso) e deixaranse a esquerda. Situaranse boias de orientación para a mellor orientación.

O percorrido B consistirá nun trazado de ida e volta ata a Boia 1 cunha saída dende a Dársena A do peirao e volta á meta nesta mesma darsena.



O percorrido C consistirá nunha liña recta de ida e volta ata una boia de obrigado paso cunha saída e meta na mesma Dársena A do peirao.

A meta, debidamente sinalizada estará situada na Dársena A. Unicamente será válida a chegada no lugar establecido como meta.

SAÍDA CATEGORÍAS 1,2,3,4, 5 (2500 METROS): 11.00 HORAS

SAÍDA CATEGORÍAS 5, 6, 7 e 8 (1200 METROS): 12.00 HORAS

SAÍDA CATEGORÍA 9 (250 METROS): 12.45 HORAS

## **5.- INSCRICIÓN**

As inscricións realizaranse a través da plataforma: <http://www.prueba-t.es/>

CATEGORÍAS	ATA 14 DE XULLO	DO 15 DE XUÑO Ó 14 DE XULLO	DO 15 ATA Ó 27 DE XULLO
9 (250 METROS)	GRATUITA	GRATUITA	GRATUITA
RESTO DE CATEGORÍAS	6 EUROS	10 EUROS	12 EUROS

A devolución de chip+portachip é obligatoria. Cada chip+portachip non devolto ten un custo de 12 euros. As inscricións poden facerse ata o venres 27 de xullo de 2018 ás 23:59 na páxina web de Prueba-t, [www.prueba-t.es](http://www.prueba-t.es)

Os nadadores non federados menores de 18 anos, para a súa participación acompañarán unha autorización do pai/nai ou titor/a (**Anexo II**).

A inscrición inclúe:

- Cronometraxe por chip.
- Sistema de videochegada.
- Control de tempos en vivo e en directo. Envío de información instantánea o telefono móbil de cada participante (tempo en meta, posto, clasificación, ritmo), así como publicación instantánea nas redes sociais de cada participante.
- Seguro de accidentes para cada participante.
- Seguro de responsabilidade civil.
- Avituallamento post competición.

Establécese un límite de 300 participantes. En caso de baixa procederemos a devolución total da inscrición ata o 9 de xullo de 2018. Admitiranse inscricións no mesmo día da proba, ata unha hora antes do inicio, sempre que non se supere o tope máximo de inscricións. As inscricións individuais no día da proba teran un recargo de 3 euros.



A inscrición a Travesía a nado ao Porto de Vilagarcía supón a aceptación do presente regulamento.

## **6. TRAXES DE BAÑO**

Esta proba rexerase polo establecido na normativa do Circuito de Augas Abertas que establece que nas competicións en Augas Abertas cunha temperatura da auga por enriba de 20°C os traxes de baño tanto para homes coma mulleres non poderán cubrir o colo, nin se estenderá máis alá dos ombros, nin por debaixo dos nocellos. Neste caso coas condicións especificadas os traxes de baño para competicións de Augas Abertas deberán ser feitos cos mesmos requisitos aplicables os traxes de baño usados en piscinas.

Para as competicións de Augas Abertas con unha temperatura da auga por debaixo de 20°C, homes e mulleres poderán utilizar traxes de baño téxtiles ou térmicos («wetsuits»).

Cando a temperatura da auga sexa inferior a 18°C, o uso de traxes de baño térmicos é obrigatorio. No que se refre a esta normativa, os «wetsuits» son traxes de baño feitos de materiais que proporciona illamento térmico. Estes traxes de baño para homes e mulleres cubrirán completamente o peito, costas, ombros e xeonllos. Non se estenderán máis alá do colo, os pulsos e os nocellos. Estas normas serán tamén de aplicación nas competicións máster de Augas Abertas.

Dita normativa será de rigurosa aplicación, a efectos de puntuación do XV Circuito Galego de Augas Abertas, para os nadadores que estén inscritos en dita competición (Proba 2500m).

Os nadadores das probas de 2500 m que non desexen puntuar no Circuito Galego de Augas abertas e todos os que participen nas probas de 1200 m e 250 m, poderán nadar sen neopreno, no caso de que a temperatura da auga sexa inferior a 18º, optando a premios en todas as distancias. Así mesmo os nadadores que o consideren poderán participar con neopreno con independencia da temperatura da auga, clasificando, pero sen optar a premios.

## **7.- DESENVOLVEMENTO DA PROBA**

O **percorrido A** das probas ABSOLUTA e MASTER/POPULAR de 2500 m, consistirá nunha volta ao circuito establecido polas boias 1 e 2. A saída terá lugar dende a dársena A do peirao. Estas boias 1 e 2 sempre se deixarán a má esquerda.

Para as probas INFANTIL, ALEVÍN e POPULAR 1200 m, o **percorrido B** constará dunha volta a boia 1 con saída e meta na Darsena A do peirao. Haberá unha boia na entrada da Darsena A da meta no peirao para a mellor orientación dos nadadores.



Para a proba MENORES 250 m, o **percorrido C** consistirá dunha volta a unha boia que se situará a 125 m saída e meta na Dársena A do peirao.

A zona de concentración para os adestradores e delegados dos clubs participantes será o espazo reservado a tal fin no peirao, que estará debidamente sinalado ás dez (10 h) para a presentación da documentación oficial e aclaracións ou dúbidas.

A proba estará controlada polo Comité Galego de árbitros dependente da FEGAN, que resolverá todas as cuestións que se presente no desenvolvemento da travesía a nado do Porto de Vilagarcía.

Todos os nadadores participantes antes das saídas serán controlados mediante un sistema de cronometraxe de chip.

A organización poderá pechar a chegada a meta, transcorridos vinte minutos dende a chegada do grupo principal de nadadores. Neste caso, os nadadores que estexan no mar serán recollidos polas embarcacións de seguridade para trasladalos á meta.

Durante todo o percorrido da proba contarase coa colaboración de Protección civil, lanchas de seguridade, xuíces e socorristas.

## **8.- PREMIOS**

En cada categoría haberá clasificación masculina e feminina:

### **1ª. ABSOLUTA (2.500 metros)**

- 1º Clasificado- Trofeo e 150 euros.
- 2º Clasificado- Trofeo e 100 euros.
- 3º Clasificado- Trofeo e 50 euros.

### **2ª. MÁSTER/POPULAR 1 (2.500 metros)**

- 1º Clasificado- Trofeo e 50 euros.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

### **3ª. MÁSTER/POPULAR 2 (2.500 metros)**

- 1º Clasificado- Trofeo e 50 euros.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

### **4ª. MÁSTER/POPULAR 3 (2.500 metros)**



- 1º Clasificado- Trofeo e 50 euros.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

5ª. MÁSTER/POPULAR 4 (2.500 metros)

- 1º Clasificado- Trofeo e 50 euros.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

6ª. INFANTIL (1.200 metros)

- 1º Clasificado- Trofeo.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

7ª. ALEVÍN (1.200 metros)

- 1º Clasificado- Trofeo.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

8ª. POPULAR (1.200 metros)

- 1º Clasificado- Trofeo.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

9ª. MENORES (250 metros)

- 1º Clasificado- Trofeo.
- 2º Clasificado- Trofeo.
- 3º Clasificado- Trofeo.

Tamén recibirán trofeo os primeiros nadadores locais masculino e feminino (percorrido A) e ao nadador máis veterán e máis xove.



## **ANEXO .- DESCRICIÓN DOS TRAZADOS**

O percorrido A para as categorías ABSOLUTA, MASTER/POPULAR, constará dunha volta ao circuito establecido polas boias 1 e 2. A saída terá lugar dende a dársena A do peirao. As boias de paso obrigatorio 1 e 2 sempre se deixarán a má esquerda.

### **PERCORRIDO A PROBA CIRCUITO: 2.500 M**







## PERCARRIDO B TRAVESÍA POPULAR: 1200 M

Para o Percorrido B das probas INFANTIL, ALEVÍN e POPULAR 1200 m, o percorrido constará dunha volta a boia 1.



## PERCARRIDO C MENORES: 250 M





## ANEXO II. DOCUMENTO DE CONSENTIMIENTO DE PARTICIPACIÓN PARA MENORES DE IDADE. TRAVESÍA A NADO DO PORTO DE VILAGARCÍA

Eu \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ dou o meu consentimento para que o meu fillo/a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ anos de idade, poida participar na XXXVI TRAVESÍA A NADO DO PORTO DE VILAGARCÍA, que se celebrará o 29 de xullo de xullo de 2018 no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Así mesmo, autorizo a usar por parte da organización, fotografías ou grabacións tomadas durante o evento sin contraprestación económica.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.

Asdo.: \_\_\_\_\_

*En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os seus Datos Persoais, incluídos nun ficheiro creado por e baixo a responsabilidade da entidade organizadora, serán utilizados para realizar unha correcta xestión da súa relación coa mesma e ofrecerlle información actualizada relacionada coa súa actividade deportiva. Se o desexa, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, remitindo un escrito á entidade organizadora.*